


# BOLETÍN INFORMATIVO

XULLO 2012

1. IGAPE: AXUDA INCENTIVOS ECONÓMICOS REXIONAIS
2. ACTUACIÓNS EN CONTRA DA ECONOMÍA SOMERXIDA E O INTRUSISMO PROFESIONAL.
3. ENTREGA DE DIPLOMAS E CHARLA DE PRL APE GALCIA

APE-GALICIA



## 1. AXUDAS E SUBVENCIONS PARA EMPRESAS E PARTICULARES

### OBXECTO: AXUDA INCENTIVOS ECONÓMICOS REXIONAIS

**OBXECTIVO:** Fomento do desenvolvemento económico rexional a través do apoio financeiro co obxecto de corrixir os desequilibrios territoriais existentes mediante subvención a fondo perdido.

**BENEFICIARIOS POTENCIAIS:** Persoas físicas ou xurídicas, españolas ou residentes.

### SECTORES INCENTIVABLES:



**Industrias transformadoras e servizos de apoio á produción** que presten especial atención a melloras medioambientais e supoñan unha mellora significativa na calidade ou innovación de proceso ou produto.

**Establecementos turísticos e instalacións complementarias** de ocio que posúan carácter innovador especialmente no relativo ás melloras medioambientais e que melloren significativamente o potencial endóxico da zona.

### REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO:

a. **Creación, ampliación ou modernización de establecementos**, sempre que respondan a unha composición equilibrada e o investimento sexa superior ao mínimo de 600.000 euros.

b. **Xulgarse viables técnica, económica e financeiramente**, de acordo coa documentación achegada na solicitude.

c. Dispor dun nivel de **autofinanciación** non inferior ao que se especifique nos Reais Decretos de delimitación e en calquera caso igual ou superior ao 30%. Dependendo do proxecto poderá esixirse unha porcentaxe maior.



d. **A solicitude** para acollerse aos beneficios debe presentarse **antes do comezo da realización do investimento** para a que se solicitan os incentivos rexionais. Así mesmo o investimento non poderá iniciarse antes de recibir a confirmación de ser susceptible de ser elexible.

**INVESTIMENTOS E GASTOS COMPUTABLES** Activos fixos de carácter material novos ou de primeiro uso, referidos aos seguintes elementos de investimento:

- Obra Civil.
- Bens de Equipo, excluídos os elementos de transporte exterior.
- Estudos previos de viabilidade.
- Outros conceptos, excepcionalmente.

**CONTÍA DAS AXUDAS:** Máximo o 30% sobre o investimento aprobado. Nas **zonas definidas como prioritarias**, a porcentaxe de

subvención incrementárase nun 20%, dentro da porcentaxe máxima do 30 por cento sobre a inversión aprobada.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** Ata o 31 de decembro de 2013.

**OBSERVACIÓNS** : A porcentaxe de subvención gardará relación coa **contía total do investimento aprobado**, co **número de postos de traballo creados**, e valorárase especialmente a **utilización de factores produtivos da zona**, a **taxa do valor engadido** e, se é o caso, o **incremento de produtividade**, a incorporación ao proxecto de **tecnoloxía avanzada** e o **carácter dinamizador** do proxecto para a economía da zona.



## 2. ACTUACIÓNS EN CONTRA DA ECONOMÍA SOMERXIDA E O INTRUSISMO PROFESIONAL.

O pasado 5 de Xullo, representantes de APE Galicia en tódalas provincias galegas, acudiron a unha reunión con D. **Samuel Jesús Juárez Casado**, Delegado do Goberno en Galicia. Asitiron a esta reunión D. José Ramón Caldas Martínez, Presidente de APE Galicia, Dna. Lucía Pedroso Suárez, Tesoureira de AJE Pontevedra e Vocal portavoz de APE Galicia, D. Ovidio Fernández Ojea, Presidente da Federación Provincial de Empresarios de

Hostelería y Turismo de Ourense, D. Héctor Cañete Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería de A Coruña, D. Jose Manuel Rodríguez Simón, Secretario Xeral de ATRA, D. Jose Alonso Rodríguez, Secretario de APE Galicia e Presidente de Instalectra, D. Luís Abelleira Mayor, Presidente de APREVAR e Dna. Concepción Villar Varela, Xerente de APREVAR.

Despois de agradecerlle ó Sr. Juárez as actuacións levadas a cabo ata o de agora, tras anteriores reunións, pasáronse a expoñer os problemas, sobre economía somerxada e intrusismo profesional en moi distintos sectores, así coma a evolución dos mesmos. Achegóuselle ó Sr. delegado un informe sobre este tema elaborado pola Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao", os problemas específicos de fontaneiros e electricistas, cúa problemática neste ámbito é especialmente difícil de resolver debido ás características dos servizos que estes profesionais desenvolven, a evolución no caso dos talleres ilegais e venda ilegal de vehículos en vía pública, e o tema da regulación dos furanchos no sector da hostalería.

A este respecto, APE Galicia foi invitada por FEPROHOS á reunión mantida o 25 de Xuño, sobre o proxecto de Decreto de Regulación dos Furanchos. A esta reunión, á que asistiron Dna. Carmen Pardo López, Secretaria Xeral para o Turismo, Dna. María Ángeles Herrero Pérez, Xefa de Servizo Provincial de Turismo, Dna. María Baleato González, Subdirectora Xeral de Réxime Xurídico Local, e D. José María Casas de Ron, Xefe



da Inspección Provincial de Traballo de Pontevedra. Alí, os representantes das administración explicaron as novidades sobre esta regulación, e as dificultades coas que se atopa a Inspección de Turismo, de Traballo ou de Facenda á hora de inspeccionar estes establecementos, para achegar posturas entre Administración e hostaleiros.

**Link: nota de prensa sobre a economía somerxida e o intrusismo profesional:**

<http://www.europapress.es/galicia/noticia-autonomos-detectan-aumento-economia-sumergida-pese-controles-dan-resultado-20120722123114.html>

### 3. ENTREGA DE DIPLOMAS E CHARLA DE PRL APE GALICIA:

O pasado **Xoves 12 de Xullo** de 2012 celebrouse **no Edificio Administrativo adxunto á Deputación** (antiga Delegación de Educación) sito na **Gran Vía de Montero Ríos, Pontevedra**, a Xornada sobre Prevención de Riscos Laborais e entrega de Diplomas do Plan Formativo 2011/000227, organizada por APE Galicia en colaboración coa Deputación de Pontevedra e as Direccións Xerais de Relacións Laborais e Formación e Colocación da Xunta de Galicia.

**Programa do evento:** **20:00 – 20:15** Presentación da Xornada.  
**20:15 – 21:00** Xornada de Difusión sobre Prevención de Riscos Laborais: Relator: D. Pablo Búa Burgos.  
**21:00 – 21:30** Entrega de diplomas do Plan Formativo 2011/000227 APE Galicia.



#### PERSONALIDADES ASISTENTES Ó EVENTO (de dereita a esquerda):

- Dña Lucía Pedroso Suárez: Tesoureira de AJE Pontevedra e Vocal Portavoz de APE Galicia.
- Dña. Ana Díaz López, Directora Xeral de Formación e Colocación.
- D. José Ramón Caldas Martínez, Presidente de APE Galicia.
- D. Gonzalo Ordóñez Puime, Director Xeral de Relacións Parlamentarias.
- Dña. María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada Provincial



Detalle do público asistente.

### **Coñecemento das normas básicas de prevención dos accidentes.**

**Obxectivos:** fomentar o interese e a cooperación na acción preventiva a todos os niveis xerárquicos da organización da empresa. Por outro lado, promover comportamentos seguros e a correcta utilización dos equipos de traballo e da protección colectiva e individual, así coma promover actividades preventivas básicas.

**Construír e reforzar una actitude positiva fronte á prevención dos accidentes,** punto moi importante á de adquirir unha conciencia baseada na necesidade de traballar coidadosamente para evitar lesións. O problema non é só a falta de información e de formación, senón de contemplar a posibilidade de evitar con facilidade os riscos ó facer algo indebido. Debemos concienciarnos de que ó traballar correctamente evitamos accidentes e lesións, incrementamos a produtividade, a convivencia e a la seguridade do ambiente laboral.



Fotografía do relator durante o evento.



Detalle da entrega de Diplomas

**Coñecer o traballo con detalle.** Como primeira medida encóntrase a instrución que recibimos ó iniciar as nosas tarefas; como segunda medida, a destreza ó desenvolver a actividade laboral, e finalmente, o coñecemento das nosas limitacións e as do equipo co que traballamos, o que permite decidir con certeza as accións a tomar e por tanto a seguridade laboral.

